

Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

CONVOCATORIA E BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PSICÓLOGO/A

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 4 de agosto de 2023, adoptou o seguinte acordo, polo que se aproban convocatoria e bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita nomeamentos interinos como psicólogo/a. Expte. 42610/220.:

Primeiro.- Aprobar as bases específicas reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsa de emprego de Psicóloga/o enmarcada no grupo A subgrupo A1, escala administración especial), que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de Psicóloga/o, subgrupo A1, nos termos do disposto no apartado primeiro do presente acordo.

Terceiro.- Habilitar expresamente á Concellería da Área competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, no uso das competencias que en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decretos da Excma. Alcaldía de data 19/06/2023 e 20/06/2023 e Acordo da XGL de data 22/06/2023.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público e selección de persoal, aos efectos oportunos.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

previsto nos artigos 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO PSICÓLOGA/O

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación de bolsa de persoal interino de Psicóloga/o, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Especial, que permita o nomeamento interino nas modalidades contempladas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP)

II.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico de:

Grao en psicoloxía ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza de Psicóloga/o no Concello de Vigo.

f) Formación acreditada de 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero.

g) Experiencia acreditada dun mínimo de 3 meses en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero, en entidades públicas ou privadas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial, contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante copia autenticada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo.

* As persoas aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

A acreditación da formación específica, contida no apartado f) poderá acreditarse mediante os correspondentes títulos académicos e/ou certificados expedidos por organismos públicos oficiais.

A acreditación da experiencia, contida no apartado g) poderá acreditarse mediante certificado de AAPP, empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal, o nome do programa, institucións, datas e persoas destinatarias.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de Psicóloga/o.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas de



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñeráse de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o oposición libre, segundo a previsión dos criterios de xestión de listas de reserva, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.- FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, catro temas elixidos ao chou, de entre os que figuran no temario. Un destes corresponderá ao primeiro apartado dos temas “Temario xeral” e o resto ao apartado de “Temario específico”.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza. As persoas aspirantes poderán facer uso dos textos legais que consideren oportunos, non incluíndo ni manuais nin textos comentados.

As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

A persoa aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado a persoa aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A puntuación de cada persoa aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de persoas aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor da/o aspirante que obteña a maior puntuación no segundo exercicio de carácter teórico práctico, e de persistir, o desempate se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto da oposición para os empatados.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación das persoas aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de persoas



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes dirixirase á Excm. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións das persoas aspirantes e acreditación documental”).

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas ás persoas aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANOS DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretaria/o, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidenta/e:

- Unha persoa funcionaria de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, pertencente a subgrupo A1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar nos procesos selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Corresponde á/ao Presidenta/e acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretaria/o:

- Unha persoa funcionaria con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben unha persoa funcionaria do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico-coa correspondente proposta de acordo-ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

As/os secretarias/os serán as persoas responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

- Tres persoas funcionarias de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, encadradas no subgrupo A1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar nos procesos selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dunha persoa funcionaria de carreira adscrita Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, as persoas asesoras que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeadas como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

As persoas aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións á acta de valoración, a contar dende a publicación da mesma na paxina web municipal, www.vigo.org.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A valoración dos méritos axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.



TEMARIO
TEMARIO XERAL

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2.- A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 5.- Organización municipal. Competencias.

Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 7.- Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.

Tema 8.- Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.

Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma do contrato.

Tema 10.- A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

Tema 11.- A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico- administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración.

Tema 12.- Eficacia dos actos administrativos. A obriga de resolver e silencio administrativo. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. .

Tema 13.- O recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso- administrativo.

Tema 14.- O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.

Tema 15.- Aspectos xerais sobre as formas de acción administrativa.

Tema 16.- O servizo público. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.

Tema 17.- A función recadadora nas facendas locais. Principios orzamentarios na Lei reguladora das facendas locais.

Tema 18.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

TEMARIO ESPECÍFICO

Tema 1.- Marco normativo internacional en materia de igualdade entre mulleres e homes e no eido da violencia de xénero.

Tema 2.- Ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica. (Convenio de Estambul).

Tema 3.- O Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Tema 4.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes I: O principio da igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

Tema 5.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes II: O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades. O principio de igualdade no emprego público. Igualdade de trato no acceso a bens e servizos e ao seu subministro. Disposicións organizativas.

Tema 6.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero I : Título preliminar. Medidas de sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 7.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero II : Tutela Institucional, Tutela Penal e Tutela xudicial.

Tema 8.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Tema 9.- A orde de de protección das vítimas de violencia de xénero.

Tema 10.- Normativa estatal e autonómica en materia de violencia sexual. Prevención e detección. Dereitos das vítimas de violencia sexual.

Tema 11.- O sistema de protección da infancia e da adolescencia I: marco legal, concepto, principios reitores, principio de corresponsabilidade e deber de colaboración, competencias, dereitos e deberes.

Tema 12.- O sistema de protección da infancia e da adolescencia II: medidas de prevención. Risco e desamparo. Actuación ante o risco e o desamparo. Medidas de protección. Funcións da psicóloga/o nun Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

Tema 13.- O sistema público de servizos sociais de Galicia I: obxectivos, principios, titulares de dereito, dereitos e deberes das persoas usuarias, catálogo de servizos e competencias.

Tema 14.- O sistema público de Servizos sociais de Galicia II: estrutura do sistema. Servizos sociais comunitarios e especializados.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

Tema 15.- A atención as persoas LGTBI. Marco legal. Medidas no ámbito da saúde para promover a igualdade efectiva. A protección efectiva e reparación ante a discriminación e violencia.

Tema 16.- A intervención psicolóxica para a prevención da violencia de xénero na comunidade. Funcións da profesional nos ámbitos social, educativo e sanitario.

Tema 17.- O sistema educativo desde a perspectiva de xénero. A coeducación. Programas do Concello de Vigo para a formación e sensibilización en igualdade e para a prevención da violencia de xénero. Prevención da violencia e promoción da convivencia en centros escolares.

Tema 18.- A información e prevención na violencia de xénero: as escolas de nais e pais. Asesoramento a familias . A comunicación no contexto familiar.

Tema 19.- Uso non sexista da imaxe e a linguaxe. Estratexias para o emprego dunha linguaxe inclusiva na comunicación oral e escrita.

Tema 20.- A socialización diferencial: o papel do sistema educativo, do ámbito familiar, comunitario e dos medios de comunicación.

Tema 21.- A división sexual do traballo. Ámbito produtivo e reprodutivo. Consecuencias na saúde das mulleres.

Tema 22.- Conceptos básicos en materia de xénero e igualdade. sistema sexo-xénero. Patriarcado. Androcentrismo. Machismo. Sexismo. Roles e estereotipos. Brecha de xénero. Mainstreaming. Accións positivas.

Tema 23.- Os Planes de Igualdade de Oportunidades. Finalidade, contido e estrutura. A transversalidade de xénero na administración pública.

Tema 24.- Informes de impacto de xénero e indicadores de xénero. A avaliación do impacto en función do xénero.

Tema 25.- O Feminismo: orixes, etapas e influencia exercida no cambio social.

Tema 26.- A participación social e política das mulleres. O empoderamento. O asociacionismo feminino. Consello Municipal da Muller.

Tema 27.- Os Centros de Información ás mulleres. (CIM). Definición, funcións e obxectivos. Normativa reguladora. Persoal e medios dun CIM. Funcións da psicóloga/o nos CIM.

Tema 28.- O Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo. Organización, programas. Ámbito de actuación. Coordinación con outros servizos.

Tema 29.- O equipo interdisciplinar. Técnicas de traballo en equipo. O papel da psicóloga no equipo interdisciplinar dun Centro de Información á Muller.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

Tema 30.- Recursos de acollemento ante situacións de violencia de xénero. O Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI). A Rede municipal de vivendas de protección.

Tema 31.- Protocolo de acceso á rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero. Protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

Tema 32.- Recursos, programas e servizos para a violencia de xénero no ámbito estatal e autonómico.

Tema 33.- Recursos, programas e servizos de atención á violencia de xénero no Concello de Vigo.

Tema 34.- Recursos de protección á violencia de xénero. Equipos especializados de atención ás vítimas, dos Corpos e Forzas de Seguridade.

Tema 35.- Recursos de intervención e seguimento xudicial. Programa de asistencia xurídica. Unidade de Violencia contra a Muller da Subdelegación do Goberno. Punto de coordinación das ordes de protección. Mesas locais de coordinación interinstitucional fronte a violencia de xénero.

Tema 36.- As Oficinas de Asistencia ás Vítimas nos xulgados. Marco regulador. Funcións das oficinas. Asistencia psicolóxica. Fases da asistencia.

Tema 37.- A coordinación socio-sanitaria. Obxectivos. Rede de centros socio-sanitarios na área sanitaria de Vigo.

Tema 38.- Protocolo de Coordinación e Cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Principios de actuación. Propostas e protocolos de actuación na área social e na área sanitaria.

Tema 39.- Pautas para a intervención integral e individualizada con mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos e fillas e outras persoas ao seu cargo, aprobada pola Conferencia Sectorial de Igualdade do 17 de xuño de 2013.

Tema 40.- Procedemento de atención a mulleres vítimas de violencia sexual no Servizo Galego de Saúde aprobado polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

Tema 41.- Medidas de autoprotección para a vítima de violencia de xénero. O plan de seguridade.

Tema 42.- A acreditación administrativa das situacións de vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos, de explotación sexual e de violencia sexual.

Tema 43.- Violencia de xénero: concepto e causas. Tipos de violencia de xénero. A violencia vicaria.

Tema 44.- Teorías explicativas da violencia de xénero. O ciclo da violencia. Tipos de vitimización.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

Tema 45.- Características e manifestacións da violencia de xénero entre adolescentes. O modelo do amor romántico e as súas consecuencias.

Tema 46.- A trata con fins de explotación sexual. Concepto. Marco legal. Indicadores de detección. Protocolos de actuación institucional. Pautas para a intervención psicolóxica.

Tema 47.- A prostitución e a exclusión social. Impacto na saúde das mulleres. Pautas para a intervención psicolóxica.

Tema 48.- O acoso sexual e o acoso por razón de sexo. Ciberacoso. Consecuencias na saúde das mulleres e mozas. Pautas para a intervención psicolóxica.

Tema 49.- As agresións sexuais. Avaliación psicolóxica. Consecuencias físicas e psicolóxicas nas mulleres. Recursos socio-sanitarios.

Tema 50.- As agresións sexuais a menores. Estratexias de prevención e intervención. Recursos socio-sanitarios.

Tema 51.- A perspectiva de xénero na saúde. Nesgos de xénero na Psicología. Claves da intervención psicolóxica desde a perspectiva de xénero.

Tema 52.- Código deontolóxico da psicóloga ou psicólogo. O respecto da autonomía da e do paciente na Lei 41/2002 de 14 de novembro.

Tema 53.- A protección de datos de carácter persoal na lexislación vixente. Datos especialmente protexidos. Datos relativos á saúde.

Tema 54.- A valoración do risco en violencia de xénero. Factores de risco e instrumentos de valoración. A entrevista clínica á muller ante a sospeita de maltrato.

Tema 55.- O impacto da violencia de xénero nos e nas menores: efectos, factores de risco e de protección. Indicadores de sospeita. A intervención psicolóxica coas e cos menores vítimas de violencia de xénero.

Tema 56.- A entrevista como técnica de diagnóstico e intervención: modelos teóricos e diferentes tipos de entrevista.

Tema 57.- Instrumentos e programas de avaliación en violencia de xénero.

Tema 58.- Valoración do dano en mulleres vítimas de violencia de xénero. Consecuencias psicolóxicas do maltrato, sintomatoloxía e efectos nas mulleres vítimas.

Tema 59.- Principios básicos da intervención psicolóxica con mulleres vítimas de violencia de xénero. Intervencións iatroxénicas. A formación e o autocoidado da profesional ante os efectos do traballo en violencia de xénero.

Tema 60.- Áreas a abordar na intervención psicolóxica en contextos de violencia de xénero. O empoderamento como obxectivo terapéutico. Coordinación e traballo en rede.



Luns, 14 de agosto de 2023

Núm. 156

Tema 61.- O traballo terapéutico con mulleres vítimas de violencia de xénero. Obxectivos e tratamento. A intervención en crise.

Tema 62.- Ferramentas e técnicas de intervención psicolóxica en violencia de xénero.

Tema 63.- A intervención psicolóxica no Trastorno de estrés postraumático nas vítimas de violencia de xénero.

Tema 64.- O grupo e a dinámica grupal. Técnicas grupais. Os grupos de axuda mutua. Intervención psicolóxica grupal con vítimas de violencia de xénero.

Tema 65.- As habilidades sociais. Definición e adquisición. Adestramento nas habilidades sociais. A asertividade e a autoestima. Métodos e técnicas para e seu fomento.

Tema 66.- Habilidades de autocontrol e manexo do estrés. Toma de decisións e resolución de conflitos. Habilidades para a autonomía persoal.

Tema 67.- O informe psicolóxico. Tipos e estrutura.

Tema 68.- A prevención da violencia de xénero. Os vínculos amorosos e as relacións igualitarias e de bo trato.

Tema 69.- Mulleres en situación de vulnerabilidade. A intervención psicolóxica coas vítimas de violencia de xénero nas que conflúen diferentes factores de vulnerabilidade.

Tema 70.- A familia. Modelos familiares na sociedade actual. O dó e as perdas afectivas no ciclo vital familiar. Soporte emocional e abordaxe terapéutico.

Tema 71.- Os Puntos de Encontro Familiar: marco legal. Obxectivos. Principios de actuación. Dereitos e deberes das persoas usuarias. Tipos de intervención. Procedemento de acceso e derivación. Rede de centros en Galicia.

Tema 72.- A investigación na violencia de xénero. Instrumentos de recollida de datos. Análise de datos cuantitativos e cualitativos. Difusión e comunicación de resultados.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

Conforme;

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

